



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MUROS E A ENTIDADE ACRD PRAIA DO CASTELO PARA A ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “FESTIVAL CASTELO ROCK” NO ANO 2025

COMPARECEN DE XEITO ELECTRÓNICO

Dunha parte, a alcaldesa do Concello de Muros, Da. María Lago Lestón, con DNI 44847800P, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte, D. Santiago Romero Sendón, con DNI 45862970G, en representación da entidade ACRD Praia do Castelo, con CIF G15952195, e sede social en Porteliña, 13 baixo 15250 Muros.

As partes recoñecen entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigáranse neste convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN

1. Que entre os obxectivos do Concello de Muros está o fomento, promoción e apoio á actividade cultural do municipio.
2. Que a promoción do Concello de Muros realízase por distintas canles sendo a colaboración coas entidades do municipio na organización de actividades culturais, lúdicas e de interese social das máis importantes.
3. Que a entidade ACRD Praia do Castelo desenvolve un labor activo na dinamización cultural e social do Concello de Muros mediante a organización do Festival Castelo Rock.
4. Que o artigo 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións de concesión directa.
5. Que o obxecto subvencionable, consistente na realización dunha actividade cultural de interese público e social, dificulta a súa convocatoria mediante procedemento competitivo.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO, ÁMBITO TERRITORIAL E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

1.1 O obxecto deste convenio é contribuír, dende o Concello de Muros, á promoción cultural mediante o financiamento da actividade Festival Castelo Rock 2025 no termo municipal de Muros.

1.2 As actividades subvencionables serán efectivas durante o ano 2025.

1.3 A subvención regulada neste convenio será compatible con outras axudas para a mesma finalidade, sempre que a suma total non supere o custo da actividade.

SEGUNDA. ÁMBITO TEMPORAL E VIXENCIA

2.1 Este convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2025, sen prexuízo da realización das accións de control que se deriven unha vez finalizada a súa vixencia.

TERCEIRA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

3.1 Realizar a actividade cultural, Festival Castelo Rock, que constitúe o obxecto deste convenio, no termo municipal de Muros e dentro do exercicio económico do ano 2025.

3.2 Presentar, antes do 1 de decembro de 2025, unha conta xustificativa que conterà, con carácter xeral, a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e dos materiais promocionais.
2. Unha conta xustificativa dos custos e ingresos do Festival Castelo Rock, que conterà:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, de ser o caso, data de pagamento.
 - b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e, se é o caso, a documentación acreditativa do pagamento.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Gastos excluídos:

- Gastos de carácter xeral da entidade (persoal, arrendamentos, canons e outros gastos xerais), salvo naqueles casos nos que se xustifique que estes gastos se derivan unicamente da execución da actividade, en cuxo caso terán a consideración de gastos directos; nestes casos, estes gastos deberán especificarse motivadamente na memoria xustificativa.
- Gastos financeiros
- Gastos protocolarios (agasallos...).

c) Desagregación dos ingresos recibidos en relación á actividade.

3.3 Comunicar por escrito a obtención doutras axudas, subvencións ou ingresos para a mesma finalidade procedentes doutras entidades públicas ou privadas.

3.4 Someterse ás actuacións de control e comprobación que correspondan aos órganos competentes, facilitando a documentación e información requiridas.

3.5 Incorporar de forma visible a imaxe corporativa do Concello de Muros en todos os materiais de difusión, comunicación e publicidade da actividade (carteis, programas, redes sociais, páxina web, after movie, etc.), desde a sinatura do convenio ata a xustificación final da subvención.

3.6 Comunicar por escrito a data, hora e lugar do acto de presentación pública ou rolda de prensa da actividade Festival Castelo Rock, co obxecto de facilitar a presenza institucional do Concello de Muros a través da persoa ou persoas designadas.

3.7 Dispoñer, con carácter previo á realización das actividades, das autorizacións, licenzas e seguros obrigatorios esixibles pola normativa vixente, incluído todos os seguros pertinentes.

3.8 Utilizar a lingua galega como idioma vehicular e preferente en todas as accións de comunicación, difusión e desenvolvemento da actividade. Os materiais gráficos, informativos e dixitais (sinalización, redes sociais, web, publicacións, etc.) deberán estar redactados en galego.

3.9 Participar no acto protocolario de sinatura do convenio que terá lugar nas instalacións do Concello de Muros, no cal se realizará unha fotografía oficial coa representación institucional do Concello. Esta imaxe poderá ser utilizada para efectos de comunicación e difusión pública da colaboración.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

CUARTA. OBRIGAS DO CONCELLO DE MUROS

4.1 O Concello de Muros, asumirá os gastos derivados da realización do Festival Castelo Rock 2025 pola cantidade de ata 26.000,00 € con imputación na partida 25/338.22799 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2024, prorrogado en 2025.

Serán considerados gastos subvencionables aqueles que garden relación directa coa organización e execución do festival, tales como os correspondentes á produción técnica (escenario, iluminación, son, subministración eléctrica, alugueiro de equipamento e infraestruturas), cachés artísticos, accións de comunicación, promoción e deseño gráfico, así como servizos complementarios como seguridade, asistencia sanitaria, limpeza, instalacións auxiliares e demais elementos imprescindibles para a correcta realización do evento.

QUINTA. XUSTIFICACIÓN

5.1 A entidade beneficiaria comprométese a presentar ante o Concello de Muros, antes do 1 de decembro de 2025, unha conta xustificativa tal e como se establece na cláusula 3ª deste convenio.

SEXTA. PERDA DO DEREITO DE COBRO

6.1 Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención nos seguintes supostos: pola falta de xustificación no prazo establecido no parágrafo segundo da cláusula quinta deste convenio, así como pola concorrencia de calquera das causas recollidas no artigo 37 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMA. REINTEGRO

7.1 Procederá o reintegro das cantidades asumidas cando recaia resolución xudicial ou administrativa que declare a nulidade ou anulación da resolución de concesión da subvención.

7.2 Así mesmo, será obrigatorio o reintegro, xunto cos correspondentes intereses de demora, desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde o inicio do procedemento de reintegro, nos supostos recollidos no artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7.3 O procedemento de reintegro rexerase polo disposto nos Capítulos I e II do Título II da citada Lei 38/2003, do 17 de novembro.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

OITAVA. INTERPRETACIÓN, INCUMPRIMENTO E RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

8.1 As dúbidas que poidan xurdir na interpretación deste convenio, así como as discrepancias derivadas da súa aplicación, serán resoltas pola alcaldesa do Concello de Muros, previo informe dos servizos de Secretaría e Intervención municipal.

8.2 O incumprimento de calquera das cláusulas recollidas neste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, dando lugar, se procede, ao reintegro das cantidades percibidas, conforme á normativa vixente.

8.3 Este convenio ten natureza administrativa e as cuestións litixiosas que poidan derivarse da súa interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

8.4 En todo aquilo non previsto expresamente neste convenio, será de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Regulamento do uso do galego do Concello de Muros.

Así como as Bases de execución do Orzamento municipal e calquera outra norma que resulte de aplicación.

NOVENA. ENTRADA EN VIGOR

9.1 As obrigas económicas previstas neste convenio entrarán en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2025, quedando condicionada a súa eficacia á previa xustificación da existencia de dotación orzamentaria no Orzamento Municipal de dito exercicio, ou na prórroga do vixente.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, estendéndose por triplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

En proba de conformidade, asinamos en exemplar duplicado, no lugar e na data que se indican a seguir.

A alcaldesa do
Concello de Muros

María Lago Lestón

O presidente da
ACRD Praia do Castelo

Santiago Romero Sendón